



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Ciencias e Técnicas Historiográficas	Código	710G04019	
Titulación	Grao en Xestión Dixital de Información e Documentación			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuadrimestre	Terceiro	Optativa	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Humanidades			
Coordinación	Ruiz Astiz, Javier	Correo electrónico	j.ruiz.astiz@udc.es	
Profesorado	Ruiz Astiz, Javier	Correo electrónico	j.ruiz.astiz@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Coñecer as principais Ciencias e Técnicas Historiográficas e os seus obxectos de estudo: Paleografía, Diplomática, Iconografía, Sixilografía, Cronoloxía, Numismática ou Codicología-Bibliografía.			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Trataranse os mesmos temas, aínda que algúns de xeito máis simplificado.</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican:</p> <ul style="list-style-type: none">- Proba mixta presencial: Substitúese por unha avaliación síncrona on line, utilizándose para tal fin Moodle e coordinación a través de vídeo-conferencia a través de Microsoft Teams. Os alumnos e alumnas que non podan realizar a proba a través dos medios previstos, deben comunicar ao docente da materia tal circunstancia ofrecendo unha motivación con suficiente antelación. Para causas debidamente xustificadas, poderá, eventualmente, organizarse un sistema de avaliación alternativo.- Sesión maxistral (presenciais): substituída por docencia non presencial síncrona e asíncrona, reforzo das comunicacións a través do foro de novas de moodle, reatualización das actividades en moodle e dispoñibilidade on line para consultas e seguimento do alumnado.- Traballos tutelados: A exposición oral prevista pasará a realizarse a través dunha video-conferencia en Teams.- Portafolios: Incorporase a posibilidade de realizar dentro desta metodoloxía test en moodle ou Google Forms para controlar o seguimento do temario. <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado:</p> <ul style="list-style-type: none">- Ferramentas: Correo electrónico, Microsoft Teams. Moodle (retroalimentación formativa das actividades).- Temporalización: Aténdese ao alumnado diariamente, de luns a venres. Rógase que, en primeira instancia, a comunicación establézase a través do correo electrónico ou do chat de Teams. Será posíbel concertar citas para videoconferencias a través de Teams. <p>4. Modificacións na avaliación;</p> <ul style="list-style-type: none">- Portafolios, lecturas e traballos tutelados: non hai cambios nos criterios de valoración.- Proba mixta (on line): Peso na cualificación 40%. Pasará a realizarse a través de medios telemáticos. En canto aos criterios de valoración non hai cambios. <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>As mesmas que no caso de non ser necesaria a aplicación deste plan de continxencia.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía:</p> <p>O material preciso para preparar a materia (apuntes, gravacións das clases e/ou referencias web aos textos que son imprescindíbeis) se colgarán na plataforma moodle ou darase acceso a eles a través de enlaces de Internet.</p> <p>Polo demais, non hai cambios en relación coas fontes empregadas.</p>
-----------------------------	--



Código	Competencias / Resultados do título
A1	CE1 - Coñecer e comprender os principios teóricos e metodolóxicos da xestión e documentación da información para aplicalos na súa actividade profesional
A2	CE2 - Ter o coñecemento humanístico que lle permita ter unha cultura sólida para contextualizar os coñecementos adquiridos
A3	CE3 - Coñecer a realidade e os condicionantes sociais que inflúen na xestión da información
A4	CE4 - Dominar os fundamentos do comportamento dos individuos na busca, recuperación e uso da información, tomando como punto de referencia os aspectos de motivación, contorna e contexto
A5	CE5 - Dominar as fontes de información relevantes que permitan satisfacer de forma efectiva as demandas dos usuarios tanto para a actividade investigadora como para a empresarial
A6	CE6 - Buscar e obter información en diversos medios para responder á demanda dos usuarios de información
A20	CE20 - Dominar as bases para desenvolver actividades de investigación utilizando métodos e principios multidisciplinares
B1	CB1 - Posuír e comprender coñecementos que proporcionan unha base ou oportunidade para ser orixinais no desenvolvemento e / ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación
B2	CB2 - Aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade para resolver problemas en ambientes novos ou descoñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo
B3	CB3 - Ser capaz de integrar coñecementos e afrontar a complexidade de facer xuízos a partir de información que, estando incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre responsabilidades sociais e éticas relacionadas coa aplicación dos seus coñecementos e xuízos
B4	CB4 - Saber comunicar as súas conclusións -e os coñecementos e os motivos finais que os sustentan- a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades
B5	CB5 - Posuír as habilidades de aprendizaxe que lles permitan seguir estudando dun xeito que sexa en gran parte autodirixido ou autónomo
B6	CG1 - Capacidade de cooperación, traballo en equipo e aprendizaxe colaborativa
B7	CG2 - Capacidade de reflexión e razoamento crítico
B8	CG3 - Capacidade de planificación, organización e xestión de recursos, información e operacións
B9	CG4 - Capacidade de análise, diagnóstico e toma de decisións
B10	CG5 - Capacidade para traballar nun contexto global e internacional
B11	CG6 - Capacidade para comprender a importancia, valor e función da xestión dixital da información e documentación na actual sociedade das TIC
C1	CT1 - Expresarse correctamente, oralmente e por escrito, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
C2	CT2 - Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo das súas vidas
C3	CT3 - Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía que respecta a cultura democrática, os dereitos humanos e a perspectiva de xénero
C4	CT4 - Comprender a importancia da cultura empresarial e coñecer os medios dispoñibles para os empresarios
C5	CT5 - Adquirir habilidades para a vida e hábitos, rutinas e estilos de vida saudables
C6	CT6 - Desenvolver a capacidade para traballar en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares, para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento ambiental, económico, político e social sostible
C7	CT7 - Valorar a importancia da investigación, a innovación eo desenvolvemento tecnolóxico no progreso socioeconómico e cultural da sociedade
C8	CT8 - Ter a capacidade para xestionar o tempo e os recursos: desenvolver plans, priorizar actividades, identificar críticas, establecer prazos e cumprilos

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer as principais Ciencias e Técnicas historiográficas e os seus obxectos de estudo: Paleografía, Diplomática, Iconografía, Sixilografía, Numismática e Codicoloxía-Bibliografía.	A1	B1	C1
	A2	B2	C2
	A3		C3
	A20		



Coñecer as escrituras occidentais europeas dende a Antigüedad até 1600.	A1 A2	B3 B4	C1 C2
Coñecer a evolución da escritura latina e a súa produción documental dende a Idade Media até a actualidade.	A3 A4 A5 A6		
Traballar (lectura e análise) de maneira asidua e exhaustiva cos documentos manuscritos dos séculos XVI ao XVIII.	A1 A2	B5 B6	C4 C8
Analizar as principais características gráficas das letras do devandito período.	A4 A5 A6	B7 B8 B11	
Acadar as destrezas teóricas e metodolóxicas que permitan ao alumnado un perfecto coñecemento dos documentos que integran o universo histórico e das súas características.	A1 A2 A6	B9 B10	C5 C6 C7

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Ciencias e Técnicas Historiográficas	1.1. Que son? 1.2. Características básicas 1.3. Novas realidades dixitais (recursos e ferramentas)
2. Paleografía	2.1. Fundamentos básicos 2.2. Evolución da escritura dende a Antigüedad até a Idade Media 2.3. Evolución da escritura ao longo da Idade Moderna
3. Diplomática	3.1. O documento e as súas características 3.2. Evolución da Diplomática
4. Iconografía	4.1. Aspectos básicos 4.2. Elementos iconográficos nas fontes documentais
5. Outras técnicas historiográficas	5.1. Cronoloxía 5.2. Sixilografía 5.3. Numismática 5.4. Codicoloxía-Bibliografía

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A3 C3 C6 C7	21	0	21
Proba mixta	A2 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B11 C1 C2 C4 C5	2	20	22
Traballos tutelados	B2 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 C8	8	30	38
Lecturas	A1 A2 A3 A4 B8 B9 B11 C1 C2	2	14	16
Portafolios do alumno	A4 A5 A6 A20 B1	21	30	51
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Tanto a parte teórica como a práctica serán explicadas en clase.



Proba mixta	Proba que pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación sobre os contidos teóricos e prácticos da materia para a avaliación dos coñecementos adquiridos.
Traballos tutelados	Presentarase un traballo relacionado cun dos temas da materia. O traballo terá como data límite de entrega 20 días antes do exame final.
Lecturas	Efectuaranse diversas lecturas para que o alumnado faga un resumo, comentario e análise crítico do asunto exposto.
Portafolios do alumno	Cartafol de traballo do alumnado que deberán entregar periodicamente e no prazo estipulado ao profesor coas distintas actividades expostas nas aulas: exercicios prácticos para o seguimento dos coñecementos adquiridos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lecturas Portafolios do alumno Traballos tutelados	Haberá atención personalizada para todas as metodoloxías descritas: prácticas, clases teóricas e traballo tutelado. En ocasións esta atención será no gabinete, en clase, vía e-mail e vía moodle. Nota para estudantes con "dispensa académica de exención de asistencia": De maneira específica, as medidas de adicación para el ?Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia? son as que seguen: -Os/as alumnos/as deben poñerse de acordo co profesor para fixar varias tutorías coa fin de seguir a materia con efectividade. -Deben asistir a clase o mínimo de horas fixadas no regulamento. -Deben realizar un examen teórico e práctico así como entregar as lecturas e o traballo. -As datas de entregas oficiais fixadas para os/as alumnos/as que asisten a clase non aplican para estos/as alumnos/as quienes entregarán todo o que teñan que entregar como muy tarde 20 días antes do examen oficial definitivo.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Lecturas	A1 A2 A3 A4 B8 B9 B11 C1 C2	Efectuaranse 1-2 lecturas sobre os temas expostos nas aulas.	10
Portafolios do alumno	A4 A5 A6 A20 B1	Valorarase a adecuación do portafolios presentado aos temas propostos para cada actividade, o contido, a coherencia da súa estrutura, a redacción e a presentación. Entregarase cada actividade na data indicada polo profesor. Non se avaliarán as actividades presentadas fóra de prazo, con faltas de ortografía ou aquelas que incumpran as indicacións prescritas para a súa elaboración.	30
Proba mixta	A2 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B11 C1 C2 C4 C5	Avaliaranse os contidos das respostas, a adecuación das mesmas ás preguntas realizadas, a capacidade de argumentación, o emprego da terminoloxía, a expresión escrita, a capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.), a creatividade e o espírito crítico. Non se corruxirán aquelas respostas que conteñan faltas de ortografía ou non contesten ó tema exposto.	40
Traballos tutelados	B2 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 C8	Computaránse os traballos tutelados individuais que se encomenden.	20



Observacións avaliación

É requisito imprescindible para aprobar presentar as lecturas, prácticas de clase (portafolios do alumno) e o traballo tanto oralmente como de forma escrita.

Para aprobar o estudante debe conseguir un mínimo de 5/10 no traballo e tamén nas lecturas e prácticas. Si este non é o caso o alumno está suspenso. Ademais, na proba mixta o discente ten que aprobar o exame para superar a materia.

Non hai diferenza na avaliación entre a primeira e a segunda oportunidade.

Nota para estudantes con "dispensa académica de exención de asistencia":

De maneira específica, as medidas de adicación para o ?Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia? son as que seguen:

-Os/as alumnos/as deben poñerse de acordo co profesor para fixar varias tutorías coa fin de seguir a materia con efectividade.

-Deben asistir a clase o mínimo de horas fixadas no regulamento.

-Deben realizar tanto o examen como as prácticas, as lecturas e o traballo.

-As datas de entregas oficiais fixadas para os/as alumnos/as que asisten a clase non aplican para estos/as alumnos/as quienes entregarán todo o que teñan que entregar como muy tarde 20 días antes do examen oficial.

a. Para a primeira oportunidade os criterios e as actividades de avaliación para este alumnado son: prácticas, teoría, lecturas e traballo de fin de curso. O peso que tendrán na avaliación é o arriba indicado.

b. Para a segunda oportunidade os criterios e as actividades de avaliación para este alumnado son os mesmos que en a.

Plaxio:

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de suspenso '0' na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara á convocatoria extraordinaria.

Fontes de información

Bibliografía básica	Canellas López, Ángel. Exempla scripturarum latinarum : in usum scholarum / Ang. Canellas Caesaraugustae [Zaragoza] : Librería General, 1974. Canellas López, Ángel. Exempla scripturarum latinarum : in usum scholarum / Ang. Canellas Caesaraugustae [Zaragoza] : Librería General, 1974. Carmona de los Santos, M. Manual de sigilografía. Subdirección General de los Archivos Estatales. Madrid, 1996. Carmona de los Santos, M. De sellos y blasones: sigiloheráldica para archiveros. S & C Ediciones. Carmona, 1996. Gil Farrés, O. Introducción a la numismática. Asociación Numismática Española. Museo Casa de la Moneda. Madrid, 1993. Introducción a la Paleografía y la Diplomática general / Editor, Ángel Riesco Terrero ; [Coautores, Ana Belen Sánchez Prieto et al.] . Madrid : Síntesis, D.L. 1999. Millares Carlo, Agustín. Tratado de paleografía española / Agustín Millares Carlo ; con la colaboración de José Manuel Ruiz Asencio . - 3a. ed. Madrid : Espasa-Calpe, 1983. Núñez Contreras, Luis. Manual de paleografía: fundamentos e historia de la escritura latina hasta el siglo VIII/ Luis Núñez Contreras; bibliografía de María del Carmen Lozano Sánchez; prólogo de Josefina Mateu Ibars Madrid : Cátedra, D.L. 1994. Paleografía y escritura hispánica / Juan Carlos Galende Díaz, Susana Cabezas Fontanilla, Nicolás Ávila Seoane (coords.) . Madrid : Síntesis, D.L. 2016. Riesco Terrero, A. Introducción a la sigilografía. Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Madrid, 1978. Riesco Terrero, A.; Arnall Juan, Mª A. Introducción a la paleografía y la diplomática general. Síntesis (colecc. Letras universitarias, 21). Madrid, 1999. Romero Tallafigo, Manuel. Arte de leer escrituras antiguas : paleografía de lectura / Manuel Romero Tallafigo, Laureano Rodríguez Liáñez, Antonio Sánchez González . - 3ª ed. amp. Huelva : Universidad de Huelva, 2003. Tamayo, A. Archivística, diplomática y sigilografía. Cátedra. Madrid, 1996.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario



Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías